

Solicitante	CIF	Código expediente	Aplicación orzamentaria	Feder	Título proxecto	Custo subvencionable	Adquisición de equipamento específico	Instalacións e acondicionamentos imprescindibles para o funcionamento dos equipos adquiridos	Subvención concedida	% Subvención
Laboratorio CIFGA, S.A.	A27351402	IN848A-2009/33	10.02.741A.771.0	Si	Dotación biorreactores para cultivos obtención de toxinas marinas	120.300,00	120.300,00	0,00	60.150,00	50%
Molduras del Noroeste, S.L.	B15017908	IN848A-2009/39	10.02.741A.771.0	Si	Investigación e deseño dun tratamento de ignifugación para madeira de uso exterior	10.500,00	9.600,00	900,00	3.150,00	30%
Quobis Networks, S.L.U.	B36974632	IN848A-2009/22	10.02.741A.771.0	Si	Dinamización da nova unidade técnica de I+D de Quobis Networks	9.076,00	9.076,00	0,00	4.538,00	50%
Shylex Telecomunicaciones, S.L.	B36872901	IN848A-2009/19	10.02.741A.771.0	Si	Dotación de laboratorio	53.652,00	47.482,00	6.170,00	26.826,00	50%
Sistemas Integrados de Servicios de Telecontrol, S.L.	B15782550	IN848A-2009/5	10.02.741A.771.0	Si	Desenvolvemento de medidas RF e ópticas de radiofrecuencia en medidor de campo con procesado dixital e representación Hd	42.070,00	42.070,00	0,00	12.621,00	30%
Televis, S.A.	A15010176	IN848A-2009/13	10.02.741A.771.0	Si	Adquisición de novo equipamento de desenvolvemento para o laboratorio de I+D	101.701,00	79.421,00	22.280,00	30.510,30	30%
Total subvencións procedemento IN848A									668.220,90	

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Decreto 403/2009, do 22 de outubro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o castro de Troña, no termo municipal de Pontearreas, na provincia de Pontevedra.*

O castro de Troña, situado na parroquia de Pías (Pontearreas), localízase nun esporón do monte Landín desde o que se domina visualmente o río Tea e o val do mesmo nome. Atópase, ademais, nunha posición dominante respecto doutros castros como o de Vilar, o de Fozara ou o de Prado, hoxe desaparecido. Posúe unha localización estratéxica que lle proporciona unha óptima defensa ademais de boas condicións para o abastecemento pola súa proximidade co río.

O interese por este xacigo comeza nos anos vinte do pasado século. Nese momento ábrese unha pista ao pé do castro, que rompe coa liña do foso, e descubre estruturas de muros xunto con diversos materiais significativos, o que suscitou un grande interese por parte dos investigadores Florentino López Cuevillas, pertencente ao Seminario de Estudos Galegos, e o catalán Luis Pericot. As primeiras escavacións leváronse a cabo na parte sueste do castro onde apareceron dous petróglifos; un soliforme e o outro, máis coñecido, con forma de serpe e en posición heráldica. O petróglifo da serpe atópase sobre unha rocha con cara plana, traballada e vertical, pegado á entrada dunha casa; este elemento deu lugar á aparición de lendas sobre mouros e encantos que engrosaron o rico folclore

do país. Os grandes descubrimentos iniciais deste equipo de estudosos desencadearon varias campañas de escavacións consecutivas de 1927 a 1930. Transcorrido un longo período de abandono, as escavacións arqueolóxicas retómanse en Troña en 1981 ata mediados os anos noventa, cando se iniciaron traballos de limpeza e consolidación, polo que foi un dos primeiros asentamentos castrexos en que se levaron a cabo tarefas de restauración e posta en valor na comunidade galega. Os traballos dos anos 80 permitiron realizar unha aproximación á contextualización do xacigo, que se encadra entre o século VI a.C. e o I d.C. como un dos castros máis antigos de Galicia, que foi abandonado paulatinamente a finais do século I d.C. con probabilidades de ter sido ocupado de xeito residual con posterioridade. As escavacións alongáronse ata 1987 e puxeron ao descuberto un conxunto de estruturas que indicaban un certo proto-urbanismo ou ordenamento a través de lousados, canles de desaugamento ou vivendas con vestíbulo.

O lugar onde se atopa o castro de Troña posúe ademais elementos de gran valor etnográfico, como un viacrucis que leva cara á capela do Doce Nome de Xesús, onde se celebran dúas romarías ao ano, e un camiño real, parcialmente empedrado, que transcorre ao pé do castro que leva ao castelo de Vilasobroso. En definitiva, o castro de Troña presenta unha potencialidade patrimonial moi significativa dun período moi representativo da cultura castrexa, e, por outra parte, o estado das súas estruturas é de igual xeito destacable, xa que pola súa boa conservación e polos investimentos en escavacións e con-

solidacións, presenta un aspecto monumental, hoxe en día moi esvaecido pola invasión da vexetación en boa parte das súas estruturas.

O monumento do castro de Troña comprende unha área de 105.990 metros cadrados e o seu contorno de protección abrangue 169.621 metros cadrados. A área do monumento comprende o recinto castrexo e todas as súas estruturas, e engloba as derradeiras estruturas exteriores, polo que se estende sobre unha área en todo o seu perímetro que pode albergar terreos de actividade relacionados co poboado.

É por iso que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, vistos os informes dos seus servizos técnicos, mediante Resolución do 1 de xuño de 2009 (DOG nº 125, do 29 de xuño), resolveu incoar no seu favor o procedemento para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, en virtude do disposto no título I da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como no Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

Logo da instrución do correspondente expediente administrativo, cómpre proceder á súa resolución definitiva, conforme o disposto no artigo 12 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de outubro de dous mil nove,

#### **DISPOÑO:**

Primeiro.-Declarar ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o castro de Troña, no termo municipal de Pontearreas, na provincia de Pontevedra.

Segundo.-Delimitar a zona afectada pola declaración segundo a descrición literal e o plano que constan nos anexos a este decreto.

#### *Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

#### *ANEXO I*

#### **Extracto do expediente polo que se declara ben de interese cultural o castro de Troña, no termo municipal de Pontearreas**

##### I. Datos sobre o ben obxecto da declaración.

1. Denominación: castro de Troña.
2. Localización:
  - a) Comunidade Autónoma: Galicia.
  - b) Provincia: Pontevedra.
  - c) Concello: Pontearreas.
  - d) Lugar: Outeiro-Redondos. Parroquia de Pías.

##### II. Datos administrativos.

1. Expediente nº: SIP.01065.
2. Incoación.
  - a) Data de incoación: 1 de xuño de 2009.
  - b) Data de publicación:
 

DOG do 29 de xuño de 2009.

BOE do 2 de xullo de 2009.
  - c) Data de comunicación ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural: 1 de xuño de 2009.
3. Instrución.
  - a) Institucións que emitiron informe favorable.
 

-Consello da Cultura Galega.

-Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

-Universidade de Santiago de Compostela.
  - b) Período de información pública: un mes.

##### III. Xustificación do contorno de protección.

O contorno de protección do monumento responde ao preceptuado polos artigos 11.1º b) e 44 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, os cales establecen, respecto dos expedientes de declaración de ben de interese cultural dun ben inmovible, que deberán figurar perfectamente definidas as súas relacións coa área territorial a que pertence, así como a protección dos accidentes xeográficos e dos elementos naturais que conformen o seu contorno, en atención á súa adecuada protección, contemplación e estudo, e que o contorno dos monumentos está constituído polos inmobles e espazos lindeiros inmediatos e, en casos excepcionais, polos non lindeiros ou arredados, sempre que unha alteración deles poida afectar os valores propios do ben de que se trate, a súa contemplación, apreciación ou estudo. O volume, a tipoloxía, a morfoloxía e o cromatismo das intervencións no contorno dos monumentos non poden alterar o

carácter arquitectónico e paisaxístico da zona, nin perturbar a contemplación do ben.

#### IV. Descrición da delimitación do monumento.

A delimitación do monumento abrangue dúas parcelas, unha comunal e outra pertencente ao clero; polo norte a área queda acoutada por unha pista forestal, mentres que polo leste e o sur o límite axústase a media ladeira, onde remata o desenvolvemento das estruturas pertencentes ao monumento. Polo oeste a delimitación circunscríbese ao discorrer dun pequeno regato, á estrada e ao límite da área de recreo onde remata a área de influencia do castro.

A delimitación proposta queda literalmente xerreferenciada mediante a cita das parcelas catastrais ou estradas polas que discorre a demarcación detallada graficamente na planimetría adxunta. Os puntos que se toman como referencia están precisados coas coordenadas correspondentes, indicadas como un intervalo numérico xusto despois da indicación do punto.

Comprende a superficie do poboado e delimitase tendo en conta os elementos estruturais máis exteriores e con algunha vinculación. Desde o norte, onde comeza o viacrucis de ascensión cara á capela do Doce Nome de Xesús, no alto do castro, localízase o punto 1.

P1. 542.029-4.673.985. Desde este punto séguese pola estrada que vai ao lugar da Ermida, e, transcorridos 200 metros, chégase á confluencia desta estrada co extremo oeste da parcela 289, onde se atopa o punto 2.

P2. 542.238-4.674.029. Desde este punto a delimitación continúa en dirección sueste subindo pola ladeira, polo lindeiro que separa as parcelas 289 ao norte e 290 cara ao sur, ata a pista que leva ao monte da Picaraña e chega ao castro, onde se atopa o punto 3.

P3. 542.385-4.673.915. Partindo deste punto séguese ladeira arriba en dirección suroeste, atrávesase tanxencialmente a parcela 5006 ata volver baixar á mesma pista, xusto na confluencia entre esta e o extremo sueste da parcela 5702.

P4. 542.279-4.673.777. Este punto parte do lindeiro leste do predio 702, e segue polo linde sur da mesma parcela ata chegar á confluencia coa pista, onde se localiza o novo depósito de auga (punto 5).

P5. 542.080-4.673.688. Seguindo este camiño asfaltado, onde se localizan os depósitos de auga que abastecen a parroquia (nos lugares de Costela e Fontesobribo), e con dirección norte (cara ao lugar de Outeiro) chégase ao cruzamento coa estrada que vai dar á Ermida, onde está o punto 6.

P6. 541.932-4.673.958. A delimitación continúa pola antedita estrada ata chegar ao punto 1.

#### V. Descrición da delimitación do contorno de protección do monumento.

A área de protección queda acoutada polo norte, na súa meirande parte, pola estrada que vai á Ermida e á pista forestal que discorre, practicamente paralela, un pouco máis ao norte. Polo leste e polo sur o límite adáptase á topografía do terreo, seguindo a unha cota e unha distancia suficientes, para non interferir na área de acción do monumento; por ese motivo atravesa a parcela 109:5006 e baixa pola ladeira, abarcando a parcela 108:702. Mentres que polo oeste queda definida polo discorrer das parcelas que están ao leste da vila de Outeiro, deixando fóra as súas edificacións. Na parte noroeste o límite de protección queda definido pola estrada que vai de Outeiro ao Souto de Pazo.

P1. 542.018-4.673.183. A delimitación parte deste punto, onde se atopa a confluencia da estrada da Ermida co comezo do viacrucis, e continúa pola estrada que vai cara á Ermida ata chegar á primeira valgada, onde está o punto 2.

P2. 542.392-4.674.082. Partindo deste punto séguese ladeira arriba polo fondo da valgada atravesando a parcela 222 do polígono 108 ata chegar ao camiño que ía antigamente á Ermida e que hoxe está cuberto totalmente por mimosas e eucaliptos (punto 3).

P3. 542.422-4.673.364. Continúase ladeira arriba pola valgada ata chegar á pista que vai dar ao castro, onde está o punto 4.

P4. 542.439-4.673.920. Séguese en dirección sur, ladeira arriba, ata chegar a parte cimeira da dorsal, xusto na confluencia de dous camiños forestais (punto 5).

P5. 542.549-4.673.746. Desde este punto e en dirección sur báixase polo lado meridional da dorsal ata chegar a outra pista forestal, cun mellor estado de conservación, onde se localiza o punto 6.

P6. 542.511-4.673.638. A delimitación continúa en dirección suroeste, ladeira abaixo, ata chegar de novo ao antedito camiño, na confluencia deste co extremo noroeste da parcela 348 do polígono 109, onde esta o punto 7.

P7. 542.443-4.673.603. Partindo de aquí séguese en dirección suroeste polo lindeiro entre as parcelas 450 (ao norte) e 348 (ao sur) ata chegar á pista que vai cara ao monte da Picaraña, onde está o punto 8.

P8. 542.407-4.673.560. Desde aquí continúa en dirección suroeste seguindo o lindeiro que separa as parcelas 319, 320, 360 e 359 (ao noroeste) das 321 e 356 (ao sueste) ata chegar á confluencia do extre-



mo suroeste da parcela e á pista máis alta do Souto de Pazo (o punto 9).

P9. 542.314-4.673.482. Partindo deste punto e en dirección sueste pásase polo medio da parcela 358 ata chegar á confluencia do extremo suroeste dela coa pista asfaltada que vai dar aos depósitos de auga (punto 10).

P10. 542.254-4.673.445. Saíndo deste lugar tómasse pola antedita pista; transcorridos uns 120 metros chégase a unha pequena valgada onde está o punto 11.

P11. 542.189-4.673.536. A delimitación segue en dirección suroeste, ladeira abaixo, polo lindeiro que separa a parcela 493 (ao sur), da 368 (ao norte), ata chegar á confluencia do extremo sur da parcela coa devandita estrada (punto 12).

P12. 542.178-4.673.505. A partir de aquí continúaase en dirección noroeste pola mesma pista;

transcorridos uns 120 metros, xusto na intersección da pista co extremo sur da parcela 126 (punto 13).

P13. 542.102-4.673.602. Séguese en dirección noroeste, entre o linde que deixan as parcelas 127, 175, 203, 205 e 460 (ao suroeste) e as parcelas 126, 122 e 121 (ao nordeste) ata chegar ao extremo oeste da parcela 121 (punto 14).

P14. 542.893-4.673.833. En dirección ao noroeste, atravesando a parcela 120 e deixando as construcións fóra, continúaase polo linde ata o oeste da parcela 119, para chegar á confluencia deste coa estrada que vai ao Souto de Pazo (punto 15).

P15. 541.853-4.673.871. Séguese pola estrada en dirección norte ata chegar ao cruce co lugar de Outeiro, onde se atopa o punto 16.

P16. 541.853-4.673.926. Finalmente séguese en dirección leste pola estrada que vai cara á Ermida ata chegar ao punto 1.

## ANEXO II

### Delimitación gráfica

